



ALTO EUME

Club de Montaña O Carroucho
www.carroucho.org

23 ABRIL 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
PICOS DE EUROPA.
14-17 MAIO 2022

DATOS BÁSICOS

Comezo : Muras
Remate: Muras
Distancia lineal: 21 km.
Duración aproximada: 5 horas
Dificultade: Media.
Altura Máxima: 680 m.
Altura Mínima: 339 m.
Ascenso total: 666 m
Desceso total: 666 m

Na Serra do Xistral nacen tres ríos, Eume, Ouro e Landro. A ruta que vamos a percorrer está enclavada no Concello de Muras, que descende das cimas da Serra do Xistral. Camiñar polo Concello de Muras e ver o mundo dende as montañas do Xistral. O Concello ten unha superficie de 163 quilómetros cadrados, está situado no norte da provincia de Lugo, e ten de poboación apenas 700 habitantes.




hasta chegar o alto dos montes de Carracedo, tamén coñecidos como Penas Verdes. Dende aquí en suave descenso, pasamos polo Cristo do Gazapo, e acercámonos as casas do barrio do Barral. Logo por pistas

forestais subimos o castro de Castrillán, punto máis alto da ruta con 668 metros de altitude, donde temos unha boa panorámica da contorna.

Baixamos en suave descenso hasta o chao da Campaiña, e logo polas fragas da Campaiña e da Vacariza, seguindo o rego da Campaiña achegámonos o lugar do Caneiro, con capela dedicada a San Miguel, e algunhas casas habitadas, e visitaremos a área recreativa do Caneiro, o carón do río Eume, bastante ben equipada e conservada, e si non hai novidade aquí xantaremos. Logo iremos como medio quilómetro o lado

O río Eume discorre 49 quilómetros salvaxe e libre en moitos tramos. Nas súas augas viven reos, troitas, anguías e algúns exemplares de salmón atlántico. Nas beiras habita o martín pescador, a garza real, o gavilán, o azor e o falcón abelleiro. E non é raro atopar lontras. O bosque de ribeira orixinal, nas zonas máis inaccesibles, está cheo de carballos e salgueiros.



Comenzamos a andaina na área recreativa da Veiga, na mesma vila de Muras, tras atravesar a ponte sobre o río Eume, achegámonos o núcleo do Burgo, con igrexa, casas con solaina, e algún escudo nunha delas; logo iniciamos unha subida pola fraga de Bouzoa, cruzamos o rego do Serrón,



do río Eume hasta cerca da ponte de Maciñeira, para despois abandonar o río e comenzando unha suave subida por fragas hasta o lugar do Seixo, dende aquí por pista asfaltada pasaremos por Paio, un cruce de camiños, donde hai unha antiga escola abandonada e chegaremos o lugar da Serra, donde hai un banco de madeira con vistas a fraga de Carracedo. Logo baixamos por un carreiro hasta o lugar de Beira do Río, e seguimos o lado do río Eume hasta o núcleo do Burgo, e dende aquí o punto de saída na área recreativa da Veiga.

